


Natureza en haiku

Ricardo Martínez Conde acaba de publicar un libro discreto, *Occitania*. Segue o noso autor o camiño da máxima discreción, da ausencia de ruído. Isto comprobáramolo xa en obras *Orballo nas camelias* (1993) e *A núa lentitude* (2001). Xa sabe o noso avisado lector que a composición xaponesa do haiku obedece a un canon de tres versos e a afán esencializador. Trátase dun xigantesco esforzo de intensidade ao reducir a tres versos todo o cúmulo de sentimentos que lle provoca a contemplación dunha realidade súbita. Esa contemplación conmóveo e transpórtao. Igual que os xaponeses traballan o xardín como un microcosmo da inmensidade natural, así o poeta traballa no poema, co refina-

Da poesía da comunión



ROMÁN RAÑA



mento da forma simple, aparentemente sinxela, para o converter

nun microcosmo da inmensidade da vida.

Poesía suspendida por fíos racionais que a atan ao ceo da memoria e á terra do corazón para expresar a forza dun razoamento ou a violencia dun desexo. O haiku tivo antigos cultivadores na historia das nosas letras, como o propio Martínez Conde sinala no seu prólogo, en Álvaro Cunqueiro (que é *Mar ao norte* senón un conxunto de líricas iluminacións da paisaxe?).

Neste libro o poeta contempla a natureza tratándoa de desentrañar até tal extremo que acaba identificándose con ela e, entón, acaba descoñecendo os límites do seu propio ser: “Nos piñei-

ros/garda o segredo/Eles son eu.”

O artista atopa nas profundidades de si mesmo o sentimento que cre atopar na visión da natureza. Ou, dito noutras palabras, a natureza está mostrando sentimentalmente o que o artista está sintendo nese momento. A iso chámase poesía da comunión. Vexamos este exemplo: “A choiva/tamén soñou un día./Agora láíase.”

Utilizando constatemente o procedemento da personalización, a chuvia tamén desexou algo que perdeu ou que non conseguiu. O acto de pingar é o pranto da chuvia pola desilusión do perdido. A chuvia chora por si mesma, molladamente.

Como vemos, todos os poemas de Martínez Conde repiten o retrato dunha paisaxe que fala, que vive e que desexa. Natureza comprida en breves cápsulas verbais, o haiku.

MARTÍNEZ-CONDE, Ricardo, *Occitania*, Ed. Follas Novas, Santiago, 2007, 73 páxinas.